

**DEPUTACIÓN PROVINCIAL**

**DA CORUÑA**

**Acta da sesión ORDINARIA  
celebrada pola Excm. CORPORACIÓN PROVINCIAL  
o 28 de SETEMBRO de 2012**

**Orde do día** dos asuntos que se van tratar na sesión PLENARIA ORDINARIA que terá lugar o venres, 28 de setembro de 2012, ás DOCE HORAS.

## **ASUNTOS**

**\*Declaración institucional**

### **Actas**

1.-Toma de posesión dos deputados do Partido Popular, don Carlos Enrique López Crespo e don Jacobo Fernández García.

2.-Aprobación da acta da sesión anterior, nº 8/12, do 14 de setembro.

3.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 14.001 á nº 14.800, de 2012.

4.-Toma de coñecemento da Resolución da Presidencia pola que se nomea presidentes das Comisións Informativas Permanentes.

5.-Toma de coñecemento da Resolución da Presidencia pola que se nomea membros da Xunta de Goberno.

6.-Toma de coñecemento de designación de portavoz do Partido Popular na Deputación Provincial da Coruña.

### **Comisión de Cultura, Educación, Deporte e Mocidade**

7.-Concesión de subvención nominativa ao Colexio Oficial de Médicos da Coruña para financiar o proxecto de edición dun libro sobre “A historia do Colexio Médico da provincia da Coruña”, e aprobación do convenio.

### **Comisión de Persoal e Réxime Interior**

8.-Concesión da medalla de ouro da provincia ao Arsenal Militar de Ferrol.

### **Comisión de Infraestruturas Viarias: Vías e Obras Provinciais**

9.-Aprobación da segunda fase do Plan de vías provinciais 2012: Complementario nº 1 de mellora da seguridade na DP 0106 de Ameas a Oza dos Ríos PQ 3+430 ao 4+060 (Abegondo) e Humanización e mellora da seguridade viaria na DP 0103 Carral a Montouto (rúa Rosalía de Castro) (Carral).

### **Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamento**

10.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Melide para financiar a execución da pista de pádel municipal.

11.-Aprobación da concesión de subvención nominativa á Fundación Benéfico Docente Fernando Blanco para financiar o programa de actividades culturais e aprobación do correspondente convenio.

### **Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas**

12.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da coruña e a ONGD “Solidariedade Galega” para o financiamento do proxecto “Construción da 3ª fase do Instituto de Liderado das Segovias: segundo bloque de aulas, no municipio de Mozonte-Nueva Segovia (Nicaragua)”.

13.-Toma de coñecemento da conta integrada da xestión recadatoria do exercicio 2011.

14.-Proposta sobre o réxime de retribucións e indemnizacións dos membros da Corporación Provincial.

ACTUACIÓN DE CONTROL

MOCIÓN

ROGOS E PREGUNTAS

## DEPUTACIÓN PROVINCIAL

### DA CORUÑA

#### SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 28 DE SETEMBRO DE 2012

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 28 de setembro de 2012, reuniuse a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión **ordinaria**.

#### CONCORRENTES

#### PRESIDE O ILMO. SR.:

DON DIEGO CALVO POUSO PP

#### ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTES:

DON SANTIAGO VICENTE AMOR BARREIRO	PP
DON JOSÉ CARLOS CALVELO MARTÍNEZ	PP
DON ANTONIO CAÑÁS VARELA	PP
DON JACOBO FERNÁNDEZ GARCÍA	PP
DON JESÚS SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA	PSOE
DONA MARÍA BEGOÑA FREIRE VÁZQUEZ	PP
DONA MARÍA MONTSERRAT GARCÍA CHAVARRÍA	PSOE
DONA MARÍA DEL CARMEN HERVADA ECHEVARRÍA	PP
DON MARIANO IGLESIAS CASTRO	PSOE
DON JULIO IGNACIO IGLESIAS REDONDO	PSOE
DON ANTONIO LEIRA PIÑEIRO	PSOE
DON CÉSAR LONGO QUEIJO	PSOE
DON CARLOS ENRIQUE LÓPEZ CRESPO	PP
DON ADOLFO FRANCISCO MUIÑOS SÁNCHEZ	BNG
DONA MARÍA PADÍN FERNÁNDEZ	PP
DON ANTONIO PEREIRO LIÑARES	PP
DON XOSÉ LOIS PIÑEIRO GARCÍA	BNG
DON XOSÉ REGUEIRA VARELA	BNG
DON MANUEL RIVAS CARIDAD	PP
DONA ZAIRA RODRÍGUEZ PÉREZ	PP
DONA MATILDE BEGOÑA RODRÍGUEZ RUMBO	PSOE
DON MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS	PP
DON MIGUEL DE SANTIAGO BOULLÓN	PP
DONA SILVIA SEIXAS NAIA	BNG
DON XESÚS MANUEL SOTO VIVERO	BNG
DON MANUEL TABOADA VIGO	PP
DONA AMANCIA TRILLO LAGO	PSOE
DONA MARÍA DEL CARMEN VARELA CORBELLE	PSOE

DON JOSÉ ALBINO VÁZQUEZ ALDREY  
DON PERFECTO VÁZQUEZ LEMA

PP  
PP

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e cinco minutos, o Sr. secretario le os asuntos incluídos na orde do día, en relación aos cales, por unanimidade, excepto nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

**1.-TOMA DE POSESIÓN DOS DEPUTADOS DO PARTIDO POPULAR, DON CARLOS ENRIQUE LÓPEZ CRESPO E DON JACOBO FERNÁNDEZ GARCÍA.**

Sr. secretario

Recibíronse na Secretaría Xeral desta Deputación dúas credenciais, expedidas polo presidente da Xunta Electoral Central, nas que se acredita que foron designados deputados provinciais don Carlos Enrique López Crespo e don Jacobo Fernández García, en substitución por renuncia, respectivamente, de don José Santiago Freire Abeijón e de dona María Dolores Faraldo Botana, por estar incluídos na lista de candidatos presentada polo Partido Popular nas eleccións locais do 22 de maio de 2011.

Doutra banda, tanto don Carlos Enrique López Crespo como don Jacobo Fernández García cumpriron o disposto no número 7 do artigo 75 da Lei 7 do 2 de abril de 1985, reguladora das bases de réxime local, que sinala que todos os membros das corporacións locais formularán antes da toma de posesión declaración sobre causa de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que lles proporcione ou lles poida proporcionar ingresos económicos e formularán, así mesmo, declaración dos seus bens patrimoniais. Reúnen ambos, por tanto, os requisitos necesarios para a toma de posesión como deputados provinciais.

O Sr. López Crespo toma posesión do seu cargo, promete o desempeño deste lendo a fórmula, impónselle seguidamente a medalla da provincia como atributo do seu cargo de deputado provincial.

O Sr. Fernández García toma posesión do seu cargo, xura o desempeño deste lendo a fórmula, impónselle seguidamente a medalla da provincia como atributo do seu cargo de deputado provincial.

Sr. presidente

Pasamos, se mo permiten, agora a ler unha declaración institucional sobre Alcoa, apoiada, segundo teño entendido, polo tres grupos.

Sr. secretario

## **DECLARACIÓN INSTITUCIONAL SOBRE ALCOA**

Esta Corporación provincial aproba por unanimidade a seguinte declaración institucional:

Instar á Xunta de Galicia e ao Goberno de España a buscar solucións para o mantemento da actividade industrial e os postos de traballo ameazados que permitan alcanzar tarifas enerxéticas competitivas para as grandes consumidoras, especialmente no caso de ALCOA, de tal forma que incida nunha mellor posición de mercado das grandes empresas instaladas na nosa comarca, como é o caso da factoría coruñesa da empresa antes mencionada.

De igual maneira, insta tamén ao mantemento da actividade e o emprego nestes momentos de especiais dificultades económicas e financeiras.

### **2.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 8/12, DO 14 DE SETEMBRO.**

Apróbase a acta da sesión anterior, nº 8/12, do 14 de setembro.

### **3.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓN DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 14.001 Á Nº 14.800, DE 2012.**

A Corporación toma coñecemento das Resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 14.001, á nº 14.800, de 2012.

### **4.-TOMA DE COÑECEMENTO DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA POLA QUE SE NOMEA PRESIDENTES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES.**

A Corporación toma coñecemento da Resolución da Presidencia nº 14.425, do 17.09.2012, pola que se nomea Presidente da Comisión Informativa de Promoción Económica, Emprego, Medio Ambiente e Turismo a don Antonio Cañas Varela e Presidente da Comisión de Cultura, Educación, Deporte e Mocidade a dona María Padín Fernández.

## **5.-TOMA DE COÑECEMENTO DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA POLA QUE SE NOMEA MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO.**

A Corporación toma coñecemento da Resolución da Presidencia nº 14.986, do 24.09.2012, pola que se nomea membro da Xunta de Goberno a don Antonio Cañas Varela.

## **6.-TOMA DE COÑECEMENTO DE DESIGNACIÓN DE PORTAVOZ DO PARTIDO POPULAR NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.**

A Corporación toma coñecemento da designación de don Manuel Ruiz Rivas como voceiro do Partido Popular na Deputación Provincial da Coruña.

## **7.-CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA AO COLEXIO OFICIAL DE MÉDICOS DA CORUÑA PARA FINANCIAR O PROXECTO DE EDICIÓN DUN LIBRO SOBRE “A HISTORIA DO COLEXIO MÉDICO DA PROVINCIA DA CORUÑA”, E APROBACIÓN DO CONVENIO.**

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 22 deputados (17 do PP e 5 do BNG)  
Votan en contra: ningún deputado  
Abstéñense: 9 deputados (PSOE)

### **ACORDO**

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Conceder ao Colexio Oficial de Médicos da Coruña unha subvención nominativa, para financiar o proxecto de edición dun libro sobre “A historia do Colexio Médico da provincia da Coruña”.

2.- Aprobar a achega da Deputación, polos importe seguintes:

\* 18.320 €, en metálico, para financiar os traballos de investigación e preimpresión, cun orzamento de 22.900 €.

\* 4.600 €, en especie, correspondente aos gastos de realización da publicación na Imprenta provincial.

3.- Aprobar o convenio correspondente á dita subvención, de acordo co texto que se achega ao final deste acordo.

4.- Condicionar o presente acordo á incorporación do correspondente crédito ao Orzamento do ano 2013.

“ Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Colexio Oficial de Médicos da Coruña para financiar o proxecto de *edición dun libro sobre “A historia do Colexio Médico da provincia da Coruña”*”.

A Coruña,

## REUNIDOS

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña

D. Luís Enrique Vicente Sánchez, en representación do Colexio Oficial de Médicos da Coruña

Actúan no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que teñen, e recoñécense reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

## MANIFESTAN

1.- O Colexio Médico da Coruña ten unha longa historia dende 1898, ano da súa fundación ata a actualidade, de xeito que a súa historia é a de España, Galicia e a da provincia.

Neste tempo Galicia contou con médicos cun grande protagonismo científico, técnico, cultural, social e político polo que o Colexio Médico está a realizar unha publicación que recolla a historia do Colexio, contextualizándoa co que ocorría nese momento no país.

O proxecto comprende os traballos de investigación en arquivos de entidades diversas (colexio, concellos, universidades, academias...), entrevistas coas persoas que son a testemuña de feitos importantes da historia médica da provincia; a realización da publicación correrá por conta de tres xornalistas.

2.- De conformidade coa Lei 8/1995 do patrimonio cultural de Galicia que establece a colaboración das administracións públicas na protección e defensa dos bens que integran o patrimonio cultural de Galicia, a Deputación Provincial da Coruña está comprometida coa conservación, mantemento e difusión de todo o referente ao patrimonio cultural galego.

3 - A Deputación Provincial da Coruña e o Colexio Oficial de Médicos da Coruña coinciden en valorar positivamente este proxecto polo que, coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar un convenio conforme ás seguintes

## CLÁUSULAS

### I.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Colexio Oficial de Médicos da Coruña (CIF: Q1566001B) para financiar o proxecto de *edición dun libro sobre “A historia do Colexio Médico da provincia da Coruña”*, que recollerá os seguintes aspectos:

- \* Primeiros pasos de medicina, asociacionismo e antecedentes dos colexios de médicos.
- \* A colexiación obrigatoria (Real decreto do estatuto para o réxime dos colexios médicos, 1898). Constitución do Colexio de Médicos da Coruña.
- \* Evolución, transformacións e relación do órgano colexial cos avances da medicina, as distintas alertas sanitarias, os cambios lexislativos, a aparición dos primeiros hospitais públicos e as transformacións do modelo sanitario en España: da Previsión Médica Nacional (1928) á Lei xeral de sanidade (1986).
- \* Actividade do Colexio de Médicos: dende as primeiras medidas asistenciais a viúvas e orfos de médicos á protección da profesión vía números clausus.
- \* O Colexio de Médicos por dentro: delegacións, órganos, publicacións e relacións coas sociedades científicas: OMS, facultades de titulacións sanitarias, administracións.

### II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria.

O Colexio Oficial de Médicos da Coruña desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

Honorarios dous xornalistas	6.087,50.-
Honorarios dunha historiadora e xornalista	11.875,00.-
Maquetación	3.125,00.-
Fotografía e tratamento da imaxe	750,00.-
Deseño	375,00.-
Axudas de custe e desprazamentos	375,00.-
Selección e reprodución de documentos	312,50.-
<i>Total</i>	<i>22.900,00 €</i>

### III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 18.320 €, o que representa unha porcentaxe do 80 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total establecido na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- A Deputación realizará unha achega en especie, por un importe de 4.600 €, correspondente aos gastos de realización na Imprenta provincial da publicación obxecto do convenio, nas seguintes condicións:

Tirada: 700 exemplares.

Tamaño: 16 x 24 cm

Páxinas: 352 aprox.

Tintas: 4/4

Papel: estucado mate de 150 gr.

Encadernación: rústica, tapa branda

O texto será entregado polo Colexio Médico maquetado e con probas, en PDF de alta resolución.

3.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobro.

4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/334A/481, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito de abondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Colexio Oficial de Médicos da Coruña obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### IV.- Contratación da execución

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle ao Colexio Oficial de Médicos da Coruña.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao Colexio Oficial de Médicos da Coruña, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, o Colexio Oficial de Médicos da Coruña deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

#### V.- Publicidade do financiamento provincial

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa nos medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Colexio Oficial de Médicos da Coruña.

#### VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial

A achega da Deputación seralle aboada ao Colexio Oficial de Médicos da Coruña unha vez que se presente a seguinte documentación:

\* Memoria de actuación, subscria polo representante legal do Colexio Oficial de Médicos da Coruña, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

\* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2012.

\* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

\* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

\* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

\* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

#### VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán realizarse durante o ano 2012.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Colexio Oficial de Médicos da Coruña deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo dun mes contado a partir da finalización daquelas.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Colexio Oficial de Médicos da Coruña para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Colexio Oficial de Médicos da Coruña da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Colexio Oficial de Médicos da Coruña na documentación subministrada.

Se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o Colexio Oficial de Médicos da Coruña terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

#### VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social

1.- O Colexio Oficial de Médicos da Coruña deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que está ao

día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarao de oficio esta.

#### IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos

1.- O Colexio Oficial de Médicos da Coruña destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o Colexio Oficial de Médicos da Coruña deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

#### X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1.- Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Colexio Oficial de Médicos da Coruña poderá ser escollido pola Intervención provincial para realizar un control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Colexio Oficial de Médicos da Coruña queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## XI.- Reintegro, infraccións e sancións

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 55ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imponse no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imponse no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imponse no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

## XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Colexio Oficial de Médicos da Coruña serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación da Prensa da Coruña será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

### XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 31 de outubro de 2013, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderanse realizar dende o 1 de xaneiro de 2012.

2.- Por acordo expreso de ambas as dúas partes, o convenio poderá ser obxecto de modificación, logo dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

### XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución de Presidencia nº  
---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

## **8.-CONCESIÓN DA MEDALLA DE OURO DA PROVINCIA AO ARSENAL MILITAR DE FERROL.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Iniciar o expediente de concesión da medalla de ouro da provincia ao arsenal militar de Ferrol.”

**9.-APROBACIÓN DA SEGUNDA FASE DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2012: COMPLEMENTARIO Nº 1 DE MELLORA DA SEGURIDADE NA DP 0106 DE AMEAS A OZA DOS RÍOS PQ 3+430 AO 4+060 (ABEGONDO) E HUMANIZACIÓN E MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA DP 0103 CARRAL A MONTOUTO (RÚA ROSALÍA DE CASTRO) (CARRAL).**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1) Aprobar a segunda fase do Plan de vías provinciais 2012, cun orzamento total de 119294,82.- euros, con cargo á aplicación 0401/453C/60900 que se detalla:

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
COMPLEMENTARIO Nº 1 DE MELLORA DA SEGURIDADE NA DP 0106 DE AMEAS A OZA DOS RIOS P.K. 3+430 AO 4+060 (ABEGONDO). 1211300001.0	14350,58
HUMANIZACION E MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA DP 0103 CARRAL A MONTOUTO (RÚA ROSALÍA DE CASTRO) (CARRAL)	104944,24
TOTAL	119294,82

2) Expor ao público os proxectos mediante un anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se produzan, consideraranse definitivamente aprobados.”

**10.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE MELIDE PARA FINANCIAR A EXECUCIÓN DA PISTA DE PÁDEL MUNICIPAL.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.- Aprobar a modificación da subvención nominativa que inicialmente era para financiar a CUBRICIÓN DA PISTA DE PADEL DO CONCELLO DE MELIDE polo novo obxecto que consiste na EXECUCIÓN DA PISTA DE PADEL MUNICIPAL DE MELIDE.

2º.- Aprobar o texto de convenio co Concello de Melide para financiar a EXECUCIÓN DA PISTA DE PADEL MUNICIPAL DE MELIDE, cunha achega provincial de 50.000 euros (o que representaba unha porcentaxe de financiamento do 88,42 % do orzamento total de gastos que ascende a 56.550,00 euros), con cargo á aplicación 0202/342A/76201.”

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE MELIDE PARA O FINANCIAMENTO DA EXECUCION DA PISTA DE PADEL MUNICIPAL**

A Coruña, a na sede da Deputación Provincial da Coruña

Reunidos

Dunha parte, o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Diego Calvo Pouso

E doutra parte a Sra. María Ánxeles Vázquez Mejuto alcaldesa-presidente do Concello de Melide

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

**M A N I F E S T A N**

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Melide ambas as dúas partes

**A C O R D A N**

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

**I.- OBXECTO**

1- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Melide con CIF P-1504700-D, para o financiamento da obra EXECUCION DAS PISTAS DE PADEL MUNICIPAL tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado por DON JOSE FRANCISCO VAAMONDE LONGUEIRA,

2- O CONCELLO DE MELIDE, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptiva e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O devandito proxecto foi supervisado polos servizos técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto

refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, o CONCELLO DE MELIDE, comprométese a destinala a uso público para o que está prevista.

## II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase do seguinte xeito:

P. E.M:	40.272,04 euros
GASTOS XERAIS	5.235,37 euros
BENEFICIO INDUSTRIAL	2.416,32 euros
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO	8.626,27 euros
PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA	56.550,00 euros

## III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 50.000 euros o que representa unha porcentaxe do 88,42%. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento de contrata, está financiado con cargo a recursos ( propios ou alleos) creditando a entidade beneficiaria que consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. No caso de que o gasto xustifico non acade o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 88,42%, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobro.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc). Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0202/342A/762.01, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito de abondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

5. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma

finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na condición de promotor, corresponderalle ao CONCELLO DE MELIDE o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, o CONCELLO DE MELIDE axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que o CONCELLO DE MELIDE tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando xunto con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

#### V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, o CONCELLO DE MELIDE estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

#### VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade prevista na Base 56ª das de execución do Orzamento para o ano 2012, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se expedirá un primeiro pagamento a prol do CONCELLO DE MELIDE pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- a. Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren, polo menos, os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución

- b. Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación
- c. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- d. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- e. Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra.

2. Rematada completamente a obra, aboarase o 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- a. Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta
- b. Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
- c. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- d. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- e. Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- f. Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens do CONCELLO DE MELIDE, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- g. Deberá acreditar o pago efectivo a os terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE MELIDE na documentación subministrada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE MELIDE terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado do 40% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago

#### VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

2. Unha vez rematadas as obras, o CONCELLO DE MELIDE deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE MELIDE para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá o CONCELLO DE MELIDE da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

#### VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O CONCELLO DE MELIDE deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das devanditas obrigas poderá realizarse mediante a declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

#### IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CONCELLO DE MELIDE destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

#### X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o CONCELLO DE MELIDE poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE MELIDE queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓN E SANCIÓN

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de

sancións establecidos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 <sup>DEL.</sup> se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 <sup>DEL.</sup>

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción establecida na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 <sup>DEL.</sup> Se excede dun mes e non chegas a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 <sup>DEL.</sup> E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 <sup>DEL.</sup>

5. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

## XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCiónS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCión CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE MELIDE serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención o CONCELLO DE MELIDE será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web [dicoruna.es](http://dicoruna.es)

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

## XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1.O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de xaneiro do presente ano, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con

anterioridade á citada data e conservará a súa vixencia ata o día 31 de outubro do 2013 todo isto condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio de 2013.

2. Para o caso de que o CONCELLO DE MELIDE non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación antes do día 1 de setembro, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o CONCELLO DE MELIDE perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na citada data

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

#### XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do CONCELLO DE MELIDE respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias establecida na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por \_\_\_\_\_ de data \_\_\_\_\_

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN      A ALCALDESA-PRESIDENTA DO  
PROVINCIAL DA CORUÑA          CONCELLO DE MELIDE

DIEGO CALVO POUSO

**11.- APROBACIÓN DA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á FUNDACIÓN BENÉFICO DOCENTE FERNANDO BLANCO PARA FINANCIAR O PROGRAMA DE ACTIVIDADES CULTURAI E APROBACIÓN DO CORRESPONDENTE CONVENIO.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Conceder á Fundación Benéfico Docente Fernando Blanco unha subvención nominativa, por importe total de 21.000 €, para financiar o seu Programa de actividades culturais, en dúas anualidades: 2012: 5.260 € e 2013:15.740 €.

2.- Excepcionar as porcentaxes de gasto establecidos no art. 174.3 do R.D. Lexislativo 2/2004, para cada unha das anualidades.

3.- Aprobar o convenio correspondente á devandita subvención, de acordo co texto que se achega (ANEXO).

4.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio de 2013, autorice o correspondente orzamento.

ANEXO

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Benéfico Docente Fernando Blanco para financiar o seu *Programa de actividades culturais*.

A Coruña,

REUNIDOS

Don Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación da Coruña, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 34.1.b) da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local.

Dona Zaira Rodríguez Pérez, presidenta da Fundación Benéfico Docente Fernando Blanco.

Ambas as dúas partes, no nome e na representación que teñen e coa capacidade legal para este acto

## EXPOÑEN

1.- A Fundación Benéfico Docente Fernando Blanco é unha entidade sen ánimo de lucro que foi constituída o 2 de abril de 1875, data do testamento de Don Fernando Blanco de Lema y Suárez Prieto, outorgado ante o notario do distrito de Guadalupe da cidade da Habana, e que figura inscrita no Rexistro único de Fundacións de Interese Galego.

2.- A Fundación Benéfico Docente Fernando Blanco ten por obxecto continuar coas últimas vontades que Don Fernando Blanco de Lema y Suárez Prieto deixou no seu testamento, adecuándoas á realidade actual.

Por tanto, serán fins da Fundación a promoción educativa e cultural de Cee e da súa bisbarra, a través dos edificios que posúe na vila: o actual IES Fernando Blanco de Lema, cedido á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, e a antiga Escola de Nenas, hoxe sede da Colección da Fundación Fernando Blanco, recoñecida como Colección Visitable de carácter científico-técnico e artístico polo acordo do Consello da Xunta de Galicia do 9 de xuño de 2005.

3.- Ambas as dúas partes recoñecen o interese das actividades que desenvolve a Fundación, así como o valor histórico dos seus fondos.

4.- Os art. 109.1.d) e 118.d) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia atribúelles ás deputacións competencias no fomento e administración dos intereses peculiares da provincia en materia de cultura. Asemade, a Lei 8/1995, do patrimonio cultural de Galicia establece a colaboración das administracións públicas na protección e defensa dos bens que integran o patrimonio cultural de Galicia.

5.- En base ás razóns sinaladas, ambas as dúas partes acordan formalizar o presente convenio de colaboración, conforme ás seguintes

## CLÁUSULAS

### I.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Fundación Benéfico Docente Fernando Blanco (CIF: G15290828) para financiar o “*Programa de actividades culturais*”, no que se desenvolverán as seguintes actividades:

*Bolsas-Premio Fernando Blanco 2012*: distribuiranse 5 bolsas, por valor de 500 € cada unha, destinadas a premiar os mellores expedientes do alumnado do IES Fernando Blanco de Lema.

Clases de reforzo para os máis necesitados: continuando coa vontade do fundador que era a correcta formación dos máis débiles, de xeito que non tiveran as carencias que os galegos do rural padecían en materia educativa no pasado, trátase de facilitar clases de reforzo aos nenos e nenas de Primaria e ESO, pertencentes a familias coas que traballan os servizos sociais do concello.

Actos do 216 Aniversario do nacemento de Don Fernando Blanco: ofrenda floral, misa na capela do centro, música, contacontos, obradoiros, xogos.

Exposición de acuarelas: no mes de decembro, no Museo da Fundación, expóranse acuarelas dun pintor local.

Actos do 138 aniversario da morte de Don Fernando Blanco: ofrenda floral, misa na capela do centro, música, conferencias, teatro.

Restauración de fondos: unha empresa especializada restaurará unha serie de pezas da colección orixinal que están nun estado precario e precisan dunha urxente intervención.

Exposición temporal “Tesouros ocultos”: exposición centrada en pezas “descoñecidas” para os visitantes, debido a que se atopaban en espazos de acceso restrinxido: colección de ourivería relixiosa da capela, botes da antiga farmacia da Fundación, gravados, restos da vaixela do centro.

Concurso literario “Fernando Blanco”: concurso destinado aos escolares dos centros educativos da Costa da Morte, sobre o tema da emigración.

Bolsas-Premio Fernando Blanco 2013: distribuiranse 5 bolsas, por valor de 500 € cada unha, destinadas a premiar os mellores expedientes dos alumnos do IES Fernando Blanco.

Actos do 217 aniversario do nacemento de Don Fernando Blanco: ofrenda floral, misa na capela do centro, música, contacontos, obradoiros, xogos

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria.

A Fundación Benéfico Docente Fernando Blanco desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

*Actividades de setembro a decembro de 2012*

Bolsas-Premio “Fernando Blanco”	1.300.-
Clases de reforzo	2.160.-
Actos 216 aniversario nacemento	2.300.-
Exposición acuarela	815.-
<i>Subtotal</i>	<i>6.575.-</i>

Actividades xaneiro a decembro 2013	
Clases de reforzo	8.640.-
Actos 138 aniversario da morte	2.300.-
Restauración de fondos	1.685.-
Exposición “Tesouros ocultos”	2.600.-
Concurso literario “Fernando Blanco”	850.-
Bolsas-Premio “Fernando Blanco”	1.300.-
Actos 217 aniversario nacemento	2.300.-
<i>Subtotal</i>	<i>19.675.-</i>
 <i>Total</i>	 <i>26.250 €</i>

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 21.000 €, o que representa unha porcentaxe do 80 % en cada unha das anualidades.

No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo ás anualidades e aplicacións orzamentarias seguintes:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe
2012	0601/334A/481	5.260
2013	0601/334A/481	15.740

Para a anualidade corrente existe crédito de abondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de crédito emitido pola Intervención provincial.

Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle á Fundación Benéfico Docente Fernando Blanco de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do Orzamento para o dito ano, e a que exista nel dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Fundación Benéfico Docente Fernando Blanco

obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### IV.- Contratación da execución

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Fundación Benéfico Docente Fernando Blanco.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Fundación Benéfico Docente Fernando Blanco, nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a Fundación Benéfico Docente Fernando Blanco deberá solicitar, polo menos, tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, deberase xustificar expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

#### V.- Publicidade do financiamento provincial

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa nos medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Fundación Benéfico Docente Fernando Blanco.

#### VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial

A achega da Deputación para cada unha das anualidades, seralle aboada á Fundación Benéfico Docente Fernando Blanco unha vez que se presente a seguinte documentación:

\* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Fundación Benéfico Docente Fernando Blanco, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

\* Relación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

\* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

\* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o establecido na cláusula oitava.

\* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

\* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

\* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

Na documentación xustificativa que se presente deberá acreditarse axeitadamente a anualidade á que corresponde.

## VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán realizarse de setembro de 2012 a decembro de 2013.

2.- Unha vez rematadas as actividades correspondentes a cada unha das anualidades, a Fundación Benéfico Docente Fernando Blanco deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo dun mes contado a partir da finalización daquelas.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Fundación Benéfico Docente Fernando Blanco para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional

non eximirá á Fundación Benéfico Docente Fernando Blanco da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Fundación Benéfico Docente Fernando Blanco na documentación subministrada.

Se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a Fundación Benéfico Docente Fernando Blanco terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

#### VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social

1.- A Fundación Benéfico Docente Fernando Blanco, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, acreditará que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarao de oficio esta.

#### IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos

1.- A Fundación Benéfico Docente Fernando Blanco destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Fundación Benéfico Docente Fernando Blanco deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

## X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1.- Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Fundación Benéfico Docente Fernando Blanco poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Fundación Benéfico Docente Fernando Blanco queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## XI.- Reintegro, infraccións e sancións

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 55ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Fundación Benéfico Docente Fernando Blanco serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Fundación Benéfico Docente Fernando Blanco será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1.- O prazo de vixencia do presente convenio será o sinalado na cláusula VII.- 1, polo que poderá ter efectos retroactivos.

2.- Despois da solicitude previa da Fundación Benéfico Docente Fernando Blanco, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, logo dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias establecida na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución de Presidencia nº  
---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

**12.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ONGD “SOLIDARIEDADE GALEGA” PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO “CONSTRUCCIÓN DA 3ª FASE DO INSTITUTO DE LIDERADO DAS SEGOVIAS: SEGUNDO BLOQUE DE AULAS, NO MUNICIPIO DE MOZONTE-NUEVA SEGOVIA (NICARAGUA)”.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o seguinte convenio:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ONGD “SOLIDARIEDADE GALEGA”, PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO “CONSTRUCCIÓN DA 3ª FASE DO INSTITUTO DE LIDERAZGO DE LAS SEGOVIAS: SEGUNDO BLOQUE DE AULAS, NO MUNICIPIO DE MOZONTE – NUEVA SEGOVIA (NICARAGUA)”

A Coruña, ..... de ..... de dous mil doce

REUNIDOS

Dunha parte, D. Diego Calvo Pouso que intervén neste acto en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña, actuando na súa calidade de presidente e conforme ás competencias que ten atribuídas.

Doutra, D. Antonio José González Artiaga, DNI núm. 31.198.757-Q, que intervén neste acto en nome e representación da ONGD “Solidariedade Galega”, CIF G-15.589.500, con domicilio social na Praza de San Roque, 1 - CP 15003 A Coruña, na súa calidade de presidente da entidade e conforme ás competencias que lle atribúen os seus estatutos.

Ambos os dous comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración, e

## EXPOÑEN

A ONGD Solidariedade Galega, CIF G15589500, é unha organización non governamental de desenvolvemento (ONGD), con personalidade xurídica propia e independente, e plena capacidade xurídica e de obrar, constituída ao abeiro da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, que ten entre as súas fins a prestación de asistencia sanitaria e social, especialmente nos países latinoamericanos, e está inscrita no Rexistro Galego de ONGD co número SGPA 97/11-ONGD-55.

A Deputación Provincial da Coruña colaborou coa citada entidade no financiamento do proxecto de Construción do Instituto de Liderazgo de Las Segovias, no municipio de Mozonte, Nueva Segovia-Nicaragua, mediante os convenios 75/2010 e 143/2011, en cuxa virtude se dotou ao citado centro educativo dun centro multiusos (1ª fase) e dúas aulas didácticas (2ª fase).

O 8.03.2012, a ONGD “Solidariedade Galega”, presenta unha solicitude de colaboración para o financiamento do proxecto de “Construción da 3ª fase do Instituto de Liderazgo de Las Segovias: segundo bloque de aulas (2 aulas didácticas e 1 batería de servizos sanitarios), en Mozonte, Nueva Segovia-Nicaragua”, cun orzamento estimado de gastos de 53.338,39 euros.

O proxecto afecta a un dos países cun nivel de desenvolvemento humano máis baixo do planeta (IDH/2011: 129, sobre 187), cuxo ámbito xeográfico está entre os que o “Plan director da cooperación española 2009 - 2012” e o “Plan director da cooperación galega 2010 – 2013” cualifican como prioritarios. Por outra banda, ambos os dous documentos de planificación consideran a educación e o apoio á formación en xénero e saúde como prioridades horizontais estratéxicas.

A Deputación da Coruña participa neste proxecto no marco das competencias que a lexislación lle atribúe, tanto en orde ao fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, regulados na normativa local de aplicación, como en orde á cooperación internacional ao desenvolvemento, establecida na Lei 23/1998, de cooperación internacional ao desenvolvemento, e na Lei (galega) 3/2003, de cooperación ao desenvolvemento.

Pola citada razón, na sesión ordinaria do Pleno Corporativo do 28/09/2012, a Deputación aprobou a concesión dunha subvención nominativa a favor da ONGD “Solidariedade Galega”, por importe de 35.000,00 euros, para o financiamento do citado proxecto.

Na súa virtude, ambas as dúas partes manifestan a súa vontade de colaboración, nos termos do presente convenio e con suxeición ás seguintes

## CLÁUSULAS

### I. OBXECTO DO CONVENIO

1. O convenio ten por obxecto establecer as bases da colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a ONGD “Solidariedade Galega”, para o cofinanciamento da execución do proxecto “Construción da 3ª fase do Instituto de Liderazgo de Las Segovias: segundo bloque de aulas (2 aulas didácticas e 1 batería de servizos sanitarios)”, no municipio de Mozonte, Nueva Segovia-Nicaragua.

2. O proxecto ten como obxectivo xeral a construción e dotación dun local idóneo que reúna as condicións pedagóxicas precisas para o desenvolvemento de programas e actividades de formación comunitaria, e como obxectivo específico satisfacer a demanda e necesidade de capacitación dos habitantes máis novos, especialmente das mulleres, e favorecer as súas capacidades individuais e colectivas e a súa calidade de vida.

3. Dentro das distintas construcións que integran o proxecto, a petición de colaboración que formula a beneficiaria concrétese na construción de parte dun segundo bloque de aulas, que consiste en dúas aulas didácticas e unha batería de servizos sanitarios, que, igual que as realizadas nas fases anteriores, estarán adscritas ao Instituto de Liderazgo de Las Segovias (ILLS, en adiante), centro de formación inicialmente adscrito á “Fundación para la promoción y desarrollo de las mujeres y la niñez: Blanca Arauz” (FUNDEMUNI), contraparte local coa que a beneficiaria traballou na execución das fases anteriores, pero que actualmente está constituída como entidade non governamental de carácter independente, sen ánimo de lucro, que substitúe a Fundemuni como contraparte ou socio local, a través da cal a beneficiaria executará o proxecto, sen prexuízo da colaboración doutras entidades nicaragüenses e españolas.

4. En virtude deste convenio, correspóndelle á ONGD Solidariedade Galega a realización das actuacións necesarias para asegurar o control, seguimento e verificación da execución do proxecto, a supervisión das avaliacións nel previstas, a acreditación documental perante a Deputación da Coruña da súa execución, así como a transferencia ao ILLS das achegas económicas correspondentes.

### II. ORZAMENTO

O orzamento de execución, segundo se indica no documento de formulación do proxecto, ascende a 53.338,39 €, e resúmese nas seguintes partidas:

CONCEPTO	IMPORTE
Preliminares (limpeza e nivelación)	798,79 €
Movemento de terras	3.201,89 €
Fundacións	8.392,31 €
Estruturas	8.190,09 €
Mampostería	4.718,57 €
Teitos e fascias	15.082,57 €
Acabados	4.474,22 €
Pisos	3.845,64 €
Ob.hidrosanitarias	3.437,82 €

Ob.eléctricas	1.078,53 €
Limpeza final	117,96 €
	53.338,39 €

### III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS

1. A Deputación comprométese a colaborar no financiamento do proxecto cunha achega máxima de 35.000,00 euros, o que equivale a un 65,62 % de coeficiente de financiamento. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para asumir a totalidade do gasto imputable á entidade

2. No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 65,62 % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75,00 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito á súa percepción.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licencias, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial poderá facerse efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0103/232B/781, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito de abondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

5. Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto coa subvención provincial, non supere en ningún caso o custe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

### IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na condición de promotor, corresponderalle á entidade beneficiaria ou á súa contraparte ou socio local (Instituto de Liderazgo de Las Segovias), o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. Se o custe das obras supera os 30.000,00 €, con carácter previo á contratación, a entidade beneficiaria ou a súa contraparte ou socio local, deberán solicitar polo menos tres orzamentos a distintos construtores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse

expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

## V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das obras e actividades, sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

## VI. XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A SUBVENCIÓN

1. A achega da Deputación seralle aboada á entidade beneficiaria nos termos que se indican a continuación:

1.1. Primeiro prazo.- A entidade beneficiaria poderá solicitar o aboamento dun primeiro prazo, co carácter de anticipo prepagable, por importe equivalente ao 40 % da achega concedida (14.000,00 €), unha vez asinado o convenio e sen necesidade de presentación de fianza ou garantía (Bases 48ª e 56ª das de execución do presuposto provincial para 2012, en relación coa Disposición adicional 10ª da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e 2ª da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia), tendo en conta as seguintes previsións:

1.1.1. Non será posible expedir un pagamento anticipado se a entidade beneficiaria ten pendente de xustificar unha cantidade anticipada con anterioridade para a mesma finalidade ou para outras finalidades e, finalizado o prazo previsto, non se presentara a xustificación correspondente.

1.1.2. Xunto coa solicitude do pagamento anticipado, a entidade beneficiaria deberá acreditar o seguinte:

1.1.2.1. A apertura dunha conta bancaria co título “Fondos para a construción do Instituto de Liderazgo de Las Segovias-Nicaragua”, con cargo á que deberán efectuarse todos os cobros e pagos que correspondan á actividade subvencionada. Un extracto dos movementos da conta deberá remitirse á Deputación provincial xunto coa xustificación documental da aplicación dos fondos provinciais á finalidade prevista.

1.1.2.2. O cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

1.1.2.3. Compromiso de colaboración da contraparte local, en virtude do cal esta se compromete coa beneficiaria a colaborar na execución do proxecto, nos termos do presente convenio.

1.2. Segundo prazo.- Polo importe restante da achega provincial, unha vez que a beneficiaria xustifique a execución do proxecto mediante a presentación da seguinte documentación:

1.2.1. Informe de execución final, subscrito polo representante legal da entidade beneficiaria, xustificativo do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos

resultados obtidos. Este informe virá acompañado dunha reportaxe fotográfica das actividades e obras realizadas.

1.2.2. Acta de recepción da obra obxecto do convenio, asinada pola beneficiaria e a súa contraparte ou socio local, así como compromiso de dedicar as infraestruturas recibidas á finalidade para a que foron realizadas durante dez anos máis, polo menos.

1.2.3. Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF (ou similar), os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.

1.2.4. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

1.2.5. Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

1.2.6. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

1.2.7. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

1.2.8. Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

1.2.9. Acreditar o pago efectivo a os terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

2. Para os efectos de cuantificar o gasto subvencionable xustificado en moeda distinta ao euro, o Servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea determinará o contravalor tendo en conta os sistemas contablemente admitidos. Todos os pagamentos que realice a Deputación serán en moeda euro.

## VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades obxecto de financiamento provincial deberán estar rematadas antes do 30.07.2013, é dicir, TRES MESES antes da finalización do período de vixencia do presente convenio, establecido na cláusula XIII.

2. Unha vez rematadas as actividades, a entidade beneficiaria deberá presentar a xustificación final á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo DUN MES, contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula XIII.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións

(Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades establecidas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación presentada. Se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

#### VIII. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E SOCIAIS

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das devanditas obrigas poderá realizarse mediante a declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

#### IX. DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a entidade beneficiaria deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

## X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Conforme co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser seleccionada pola Intervención provincial para realizar un control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que impón o presente convenio de colaboración.
2. Así mesmo, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, se é o caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## XI. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas establecidas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), con audiencia do interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, coa aplicación do cadro de sancións establecidas nas normas citadas na Base 54<sup>a</sup> das de Execución do Orzamento da Deputación.
3. De conformidade co disposto na Base 54.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades implicará unha sanción dun 10% do importe da subvención, co límite de 75,00 €; se o atraso excede de tres meses a sanción será dun 20%, co límite de 150,00 €..
4. Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no seu grao mínimo e será do 10% do importe da subvención concedida, co límite de 75,00 €, se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 %, co límite de 400,00 €, e se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30%, co límite de 900,00 €.

## XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a

identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral da Administración do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no citado precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria publicárase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web [www.dicoruna.es](http://www.dicoruna.es).

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación Provincial da Coruña.

### XIII. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio ten carácter retroactivo, para os efectos de imputación dos gastos, e abranguerá os devengados dende o día 1.06.2012, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á citada data, e conservará a súa vixencia ata o 31.10.2013.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida presentar a xustificación das actividades realizadas antes do 31.08.2013, deberá solicitar, antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31.12.2013. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso da dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

### XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións

nomeados polo presidente da Deputación e o da entidade beneficiaria, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias establecida na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo do .... de ..... de 2012.

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O presidente da Deputación da Coruña      En representación da ONGD  
Solidariedade Galega

D. Diego Calvo Pouso

D. Antonio José González Artiaga”

### **13.-TOMA DE COÑECEMENTO DA CONTA INTEGRADA DA XESTIÓN RECADATORIA DO EXERCICIO 2011.**

A Corporación toma coñecemento da Conta Integrada da Xestión Recadatoria correspondente ao exercicio 2011.

### **14.-PROPOSTA SOBRE O RÉXIME DE RETRIBUCIÓN E INDEMNIZACIÓNS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN PROVINCIAL.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“A).- Retribucións dos membros da Corporación en réxime de dedicación exclusiva:

**Presidente:** as retribucións, en cómputo anual e contía, serán de 66.904,09 €

**Vicepresidentes (1):** as súas retribucións anuais serán de 56.526,47 €

**Deputados do Grupo de Goberno (4):** as súas retribucións anuais serán de 56.526,47

**Deputado do Grupo PSG-PSOE (1):** as súas retribucións anuais serán de 56.526,47 €.

**Deputado do Grupo BNG (1):** as súas retribucións anuais serán de 56.526,47 €.

As cantidades asignadas aos membros da Corporación con dedicación exclusiva percibiranse mensualmente na parte que corresponda.

Estas cantidades revisaranse anualmente a partir do 01/01/2013 e actualizaranse na mesma porcentaxe en que aumenten ou diminúan de forma xeral as retribucións básicas dos funcionarios de carreira do grupo A1.

B).- Indemnizacións por preparación de asuntos e asistencia a sesións dos órganos colexiados da Deputación provincial:

Pola preparación de asuntos e concorrencia efectiva ás sesións de órganos de goberno da Deputación provincial, os membros da Corporación que non estean acollidos ao réxime de dedicación exclusiva, percibirán en concepto de asistencias os seguintes importes:

Sesións plenarias	550,00€
Sesións da Xunta de Goberno	345,00€
Reunións das Comisións Informativas	345,00€

Cando coincidan no mesmo día máis dunha sesión dos órganos colexiados descritos, terán dereito a percibir unha soa asistencia, tomando en consideración para tal fin, cando así proceda, a de maior importe das realizadas.

A asistencia ás sesións formalmente convocadas dos órganos colexiados antes citados dará lugar á percepción dos gastos de locomoción desde a localidade de residencia dos deputados que non estean incluídos no réxime de dedicación exclusiva.

Ningún deputado poderá percibir máis de catro asistencias ao mes por sesións das Comisións Informativas, salvo as do mes de setembro, e aquelas outras que correspondan a sesións ordinarias non celebradas no mes anterior. Así mesmo, ningún deputado poderá percibir máis de dúas asistencias ao mes por sesións da Xunta de Goberno, salvo as do mes de setembro, e aquelas outras que correspondan a sesións ordinarias non celebradas no mes anterior.

C).- Asistencias a mesas de contratación, comisións de traballo ou tribunais de valoración dependentes desta Corporación.

Todos os membros da Corporación que se designen formalmente para formar parte de comisións de traballo, mesa de contratación ou tribunais de valoración, percibirán pola asistencia ás sesións formalmente convocadas que se celebren, as cantidades dispostas no anexo 4º, categoría primeira do Real decreto 462/2002, do 24 de maio e disposicións de desenvolvemento ou normas que con carácter xeral o substitúan, cando así se determine expresamente no acordo ou resolución de nomeamento.

A asistencia ás sesións formalmente convocadas dos órganos colexiados antes citados dará lugar á percepción dos gastos de locomoción desde a localidade de residencia dos deputados que non estean incluídos no réxime de dedicación exclusiva.

Estas percepcións serán compatibles coas retribucións asignadas aos membros da Corporación con dedicación exclusiva, que só percibirán indemnizacións pola asistencia a sesións convocadas e realizadas integramente fóra da xornada laboral. No caso de deputados sen dedicación exclusiva, cando coincida unha sesión de Mesa de Contratación, comisión de traballo ou tribunais de valoración con sesión dun órgano colexiado provincial, só se percibirá a axuda de custo por asistencia a sesións do órgano colexiado da Deputación provincial descrita no apartado B) da presente proposta.

D).- Indemnizacións por gastos ocasionados por comisións de servizos encomendadas a cargos electos.

En materia de indemnización por comisións de servizos rexerá o Real decreto 462/2002, do 24 de maio e disposicións de desenvolvemento ou normas que con carácter xeral o substitúan coas particularidades seguintes:

- a) Por aloxamento e gastos de viaxe en medios de transporte público, aboarase o importe do realmente gastado e xustificado documentalmente.
- b) Por manutención aboarase tamén o importe dos gastos efectivamente realizados sempre que o xustifiquen adecuadamente mediante facturas expedidas para tal efecto.
- c) Cando a comisión de servizos dos cargos electos inclúa tamén a funcionarios de carreira, persoal laboral ou eventuais, aplicaráselles a todos eles o réxime de indemnizacións establecido neste apartado para os cargos electos.

E).- As retribucións a que se refire o apartado A) terán plena eficacia e aplicaranse nos seguintes termos:

1. O presidente percibirá as retribucións asignadas desde o día do seu nomeamento e toma de posesión.
2. Os vicepresidentes e os deputados do Grupo de Goberno percibirán as retribucións previstas cando se dean as tres condicións seguintes: se produza o seu nomeamento formal por resolución do presidente, acrediten os nomeamentos que reúnen as condicións para o desempeño en réxime de dedicación exclusiva e acepten expresamente o cargo, o que suporá o inicio das actividades encomendadas polo presidente nas que se fundamentan as retribucións correspondentes.
3. Os deputados de cada grupo político con dedicación exclusiva serán nomeados polo presidente a proposta dos grupos políticos correspondentes e as súas retribucións percibiranse desde que se dean as tres condicións seguintes: se produza o

seu nomeamento, se acrediten os nomeamentos que reúnen as condicións para o desempeño en réxime de dedicación exclusiva e acepten expresamente o cargo, o que suporá o inicio das actividades encomendadas nas que se fundamentan as retribucións correspondentes.

F).- Publicar o presente acordo da forma establecida no artigo 75.5 da Lei reguladora das bases de réxime local.”

## ACTUACIÓN DE CONTROL MOCIÓNS

Sr. Iglesias Redondo

Debido aos acontecementos que estamos a vivir e a preocupación en tódolos partidos políticos imos presentar unha moción para estes efectos por vía de urxencia.

Sr. presidente

Entendo que é o debate da urxencia para poder presentar a moción. Eu agradeceríalle, imos proceder á votación, pero agradeceríalle que noutras ocasións futuras, Sr. Julio, presentase as mocións, se é posible, xusto un pouquiño antes de empezar o Pleno, porque así poderíamos debatelas e mesmo ata poderíamos chegar a un acordo. Para evitar que sexa esta a primeira vez, imos incluír a moción na orde do día, pero para sucesivas ocasións rogaríalle a todos os deputados que queiran presentar unha, polo menos que se, cando menos, trinta minutos antes de empezar o Pleno, creo que non é moi complicado poder presentala trinta minutos antes.

Sr. Iglesias Redondo

As razóns de urxencia xustifican o seu carácter intempestivo polos acontecementos que están a suceder.

Sr. presidente

A que se refire?, aos últimos anos, que non hai contratos no naval?

Sr. Iglesias Redondo

Non, nos últimos anos houbo carga de traballo.

Sr. presidente

Non, contratos ningún, porque xa sabemos isto. Votamos entón a urxencia da moción.

Procédese a votar a urxencia, que é aprobada por unanimidade. Procédese ao debate da moción.

Sr. Iglesias Redondo

Vou proceder á lectura dela que se refire loxicamente a de Ferrolterra. A moción di o seguinte:

O sector naval é un sector estratéxico en Galicia e sinaladamente en Ferrolterra. Os estaleiros da ría de Ferrol son coñecidos e recoñecidos mundialmente pola súa capacidade e a calidade dos seus profesionais ao longo da súa historia. De feito, a historia deste país queda reflectida a través da historia da actividade dos estaleiros.

As dificultades inmensas polas que están a atravesar os estaleiros neste momento, coa perda de preto de 2.000 postos de traballo desde o outono esixen unha actuación transparente, eficaz e intensa das institucións públicas.

Ante a extrema gravidade da situación actual do naval de Ferrol o Pleno desta Deputación fai a seguinte declaración institucional:

O Pleno da Deputación Provincial acorda apoiar inequívoca e solidariamente todas e cada unha das reivindicacións da representación dos traballadores de Navantia e das auxiliares, sinaladamente a construción inmediata do dique flotante, a consecución inmediata de carga de traballo para os estaleiros, o levantamento do veto que pesa sobre Navantia Fene e a exposición pública do contrato asinado entre Pemex e Navantia.

Sr. Soto Vivero

Neste sentido, eu creo que xa levamos unha serie de meses presentando iniciativas institucionais a todos os niveis, xa sexa a nivel estatal, xa sexa a nivel autonómico, xa sexa a nivel municipal, como foron as mocións presentadas en todos os Plenos na comarca de Ferrolterra, non só naqueles concellos que están integrados na Mancomunidade, senón tamén en todos aqueles que compoñen a totalidade da comarca de Ferrolterra, e desde o Bloque Nacionalista Galego pensamos que o que é a reclamación en vía institucional está totalmente esgotada, nós imos seguir apoiando todas aquelas iniciativas que se vaian levar a cabo desde o punto de vista político, pero a vía institucional está totalmente esgotada, agora son aqueles que teñen responsabilidades para facer todo aquilo que teñen que facer, para realmente dar cumprimento a todas as iniciativas.

Sr. presidente

Por parte do Grupo Popular vou intervir eu, se lle parece ben, e primeiro gustaríame facer esa referencia a que as iniciativas teñen que ser entregadas primeiro aos grupos para poder ter tempo a situarse, pero como vostede ben sabe, que forma parte da Mancomunidade de Concellos da comarca de Ferrol, sabe que ata agora todas as posicións foron acordadas por parte dos alcaldes que forman parte desa

Mancomunidade, onde hai representación do Bloque Nacionalista Galego, onde hai representación do Partido Socialista, partidos independentes e tamén do Partido Popular. Así mesmo, sabe vostede que onte mesmo houbo un Pleno no Concello de Ferrol, seguro que non se lle escapa, onde se fixo unha declaración institucional asinada por parte dos cinco partidos políticos con representación municipal, Independentes por Ferrol, Esquerda Unida, Bloque Nacionalista Galego, Partido Socialista, Partido Popular e Comité de Empresa de Navantia. Foi acordada entre todos e onde pedía, a reclamación que está pendente no día de hoxe por parte de todos estes actores, era unha reunión a ASEPI para convocar a reunión da comisión de seguimento ou de estudo do dique flotante. Iso foi onte ás oito, sete e media da tarde, dezanove trinta horas.

Por tanto, a min gustárame, como dicía tamén o portavoz do Bloque Nacionalista Galego, apóiase todo tipo de iniciativas neste sentido, e todos expresamos cal é a nosa postura, o que non é de recibo é o que expresa vostede aquí. Na parte resolutiva di vostede que se apoie inequivocamente e solidariamente calquera tipo de reivindicación, non, iso non o imos facer, non o imos facer. Nós estamos a apoiar as reclamacións das que estamos a falar, queremos que se constitúa, ou que se convoque esa Comisión de novo do dique flotante, e permítame, que seguramente que non tivo acceso a iso, e por iso o di, que hai un comunicado de PEMEX onde di que, efectivamente, o contrato está asinado por PEMEX internacional e non hai ningún tipo de problema para asinalo.

Por tanto, se o que se pretende é introducir unha dúbida sobre un contrato que algúns responsables políticos non o asumen, ese non é o camiño, así que o noso voto vai ser en contra.

#### Sr. Iglesias Redondo

Desde logo, non se trata de introducir ningunha dúbida, é máis, a moción o único a que fai referencia é, precisamente, ás reivindicacións dos sindicatos, que foron consensuadas, loxicamente, cos alcaldes e, por suposto, no seo da Mancomunidade, que é ás que se refire a moción, é inequívoca e solidariamente, as reivindicacións loxicamente dos traballadores e do sector auxiliar que, efectivamente, están encima da mesa e mesmo nas diferentes comisións de seguimento nas que eu como alcalde dun dos municipios da comarca, teño a honra de formar parte. A continuación, pídese o mesmo que se pide nas declaracións institucionais aprobadas na mancomunidade, que non é, nin máis menos que o apoio ao dique flotante, carga de traballo, e o levantamento do veto, iso votouse, efectivamente, como dixo o portavoz do Bloque Nacionalista Galego, en todas e cada unha das declaracións institucionais, só hai un engadido a maiores, que non presenta ningunha dúbida, é precisamente para despexala, e é que se ensinen os contratos asinados. Está claro que, sen ningunha dúbida, nas últimas horas, efectivamente, hai unha inquietude e aquí non se presenta ningunha dúbida, é máis, quérese despexar, agora entendo que a única maneira de despexar unha dúbida de maneira transparente e clara é ensinando, efectivamente, os contratos asinados, non se desmente, nin se di que non se asinase, simplemente dise que efectivamente se ensine para tranquilidade dun sector que nestes momentos está a vivir con inquietude unha serie de noticias que, efectivamente, presentan sombras, en

consecuencia a moción quere despexalas, e non hai mellor maneira de despexalas que darlle aos sindicatos os contratos que, por certo, forman parte do Consello de Administración de Navantia, e imaxínome como membros do Consello de Administración teñen que ter dereito a esa información, dio loxicamente, sen ningunha dúbida, a lexislación vixente.

Pero, en calquera caso, si é certo que non se bota ningunha dúbida, Sr. presidente, a moción é precisamente para despexalas. Moitas grazas.

Sr. presidente

Moi ben, pois despois de ter acceso ao comunicado de PEMEX, pasamos tamén á votación.

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 14 deputados (9 do PSOE e 5 do BNG)

Votan en contra: 17 deputados (PP)

Abstéñense: ningún deputado

### **ROGOS E PREGUNTAS**

Sr. Regueira Varela

Dou a benvida aos novos deputados .

Onte presentáronse os novos Orzamentos Xerais do Estado e se lles botaran un vistazo daríanse conta das dificultades que a Corporación vai ter para seguir ofertando o POS aos concellos da provincia. Doutra banda, queríamos interesarnos por unha petición dun Concello da provincia, que é o Concello de Laxe, que solicitou desta Administración Pública a posibilidade de que se lle auditen as contas, e non temos de momento resposta, queríamos saber se a Deputación vai proceder a axudar ao Concello a auditar as contas de Laxe, ou non.

E, por último, un rogo. Parécenos inadmisíbel, e queremos que o Sr. presidente faga as xestións procedentes, que cando se lles comunique aos concellos e ás entidades, documentación oficial desta Administración, convenios ou subvencións, que por favor, que o cuño da parte de atrás non sexa un cuño do Grupo Popular, senón que sexa un cuño desta Administración, parécenos unha utilización política que non consideramos pertinente, nin admisíbel.

Sr. presidente

Como vostede ben sabe, nos Orzamentos Xerais do Estado, que foron presentados onte, loxicamente non os revisamos, estivemos a traballar, pero non nos

Orzamentos do Estado, que non é competencia nosa, aínda que os miraremos, pero tamén seguro que sabe que o POS o ano pasado foi financiado integramente por esta Administración, non tivemos a achega do Estado e, con todo, mantivemos, cunha nova achega da Deputación, ese Plan para os 94 concellos da provincia. Este ano, cando nos enfrontemos ao novo escenario orzamentario e comecemos coa elaboración dos Orzamentos, que xa se están preparando, miraremos cales son as nosas posibilidades. Gustaríanos contar sempre co apoio doutras administracións, e se non contamos, miraremos se somos capaces, igual que o ano pasado, de sufragar ou financiar a parte tamén que tradicionalmente achegaba o Estado.

Con respecto a auditar as contas de Laxe, xa lle informarei porque non sei exactamente como está ese asunto, e con respecto a ese sobre, pois mire, que quere que lle diga, non teño coñecemento do que me está falando, non sei se é unha resolución nun sobre que non sexa..., non teño nin idea, non, se vostede o está ensinando supoño que será por algo, non teño nin idea do que está a falar, así que miraremos de onde saíu, ou como foi enviado, pero sabe vostede que as notificacións oficiais saen dos propios funcionarios, co cal, puido haber un erro, en todo caso supoño que sería así.

#### Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. presidente, tamén en nome do Grupo Socialista, darlle a benvida aos dous novos deputados do Grupo Popular.

No Pleno do mes de xullo pregunteille polas razóns que aconsellaban cambiar o procedemento de adxudicación que viña utilizando ininterrompidamente na Deputación desde había, polo menos, 25 anos, e que desde entón viña aplicando sen ningún tipo de problemas. Vostede respondeume que se facía para gañar axilidade na contratación, algo que non é certo, que era legal, efectivamente, é legal cumprindo uns requisitos dos que adoece este procedemento, tal como levou a cabo, e que outros concellos tamén o facían, pero non estamos aquí para fiscalizar o labor dos concellos, non é esa a nosa función, nin a nosa competencia, estamos para fiscalizar o labor do goberno da Deputación.

Hai uns días adxudicáronse os últimos grupos do Plan de conservación de vías provinciais, e xa temos datos para valorar o que supuxo para esta Deputación o cambio no procedemento de contratación ao substituír un procedemento aberto, utilizado desde hai máis de 25 anos ininterrompidamente por gobernos de distinto signo, polo procedemento negociado sen publicidade. Este plan aprobouse o 27 de xaneiro deste ano por un importe de 5.819.591,69 €, adxudícanse en agosto 25 grupos polo procedemento negociado sen publicidade, cun orzamento de licitación de 4.017.396,02 euros, e adxudícase cunha baixa media do 12%, o que xera unha economía para esta Deputación de 482.076 euros. Neste mes de setembro, hai uns días, adxudicáronse os seis grupos restantes polo procedemento aberto, o que era habitual na Deputación, por un importe de 1.802.195,02 euros, cunha baixa media de 32,87%, o que xerou unhas economías para a Deputación de 592.381,49 euros. En total, como resultado destas adxudicacións, obtívose unha economía de 1.074.457,49 euros, se se adxudicase o Plan de conservación, como sempre se fixo, aplicando a baixa que se produce con este

procedemento, a Deputación tería unhas economías de 1.912.902 euros, é dicir, a súa decisión de modificar o procedemento de adxudicación, custoulle á Deputación 838.444,51 euros, diñeiro que se utilizaría, como se facía antes, para reinvestir en estradas provinciais.

Lémbrolle, Sr. presidente, porque vostede xa coñece este dato, que as economías no Plan de conservación de vías provinciais adxudicados polo procedemento aberto no último mandato 2007-2011, foron de 9.229.363,24 euros, o que permitiu executar máis obras das inicialmente previstas mediante a aprobación dos plans adicionais financiados con estas baixas. Este ano deixamos de percibir economías por importe de 834.444,56 euros. Faga, Sr. presidente, vostede a conta do que perderíamos se continúa o que resta de mandato con este criterio, o que perderían os concellos da provincia.

E todo isto, para que?, se economicamente é un desastre, que vantaxes podemos atopar neste cambio?, gañamos en axilidade, gañamos en transparencia, en concorrancia, en igualdade, en non discriminación, fanse mellor as obras? Non gañamos en nada, pola contra, facemos as cousas peor.

O 27 de febreiro do ano 2012 o Servizo de Patrimonio e Contratación propón a contratación do Plan de conservación de vías provinciais polo procedemento aberto cun único criterio de valoración, informe conformado polo secretario. O 27 de febreiro podíase iniciar o procedemento de contratación. No Pleno de xuño, cando eu lle fixen a pregunta, o día 29 de xuño, aínda non se iniciou este proceso de adxudicación, pero uns días antes, o día 5 de xuño, o presidente da Mesa de Contratación, Sr. Cañas Varela, asina un escrito indicando que procede iniciar os trámites para adxudicar as obras incluídas no Plan de conservación mediante procedemento negociado, xa que, leo textualmente “as estradas precisan unha urxente roza e porque o firme atópase deteriorado nalgúns casos e considerando tamén que os meses de verán son os máis adecuados para levar a cabo o traballo”. Mire, Sr. presidente, utilizando o procedemento habitual, o que lle propuñan o 27 de febreiro, vemos que no ano 2007 adxudícase o Plan o 26 de abril, no ano 2008, adxudícase o 10 de abril, no ano 2009, o 28 de maio, e no ano 2011, o 13 de maio. Este ano, acabouse de adxudicar a mediados de setembro, non gañamos nin axilizamos nada, pola contra, nunca tan tarde se adxudicou este Plan porque, tal como dicía o Sr. Cañas Varela, os meses de verán son os máis adecuados para levar a cabo o traballo.

Para os casos puntuais de urxencia, lémbrolles que están adxudicados e en prazo de execución, os contratos para realizar reparacións urxentes nas distintas zonas nas que se dividen as obras provinciais, ao que se pode recorrer en casos de urxencia. Dos 31 grupos que integran o Plan de conservación, 25 adxudicáronse por procedemento negociado sen publicidade, as empresas que participaron foron previamente convidadas a participar pola Deputación, por certo, sen coñecer que criterios se seguiron para convidar a unhas, e a outras non, e algunhas das invitadas nunca traballaran coa Deputación. Sabe cal é a media de participación?, 4,72 empresas por Grupo. Nos seis grupos que se licitaron por procedemento aberto, a media de participación foi de 39

empresas. Que gañamos limitando o acceso das empresas ás licitacións da Deputación?, nada, e con todo estamos a impedir que 34 empresas poidan presentar as súas ofertas.

No informe que lle remite desde o Servizo de Patrimonio e Contratación, conformado polo secretario da Deputación, datado o 5 de xuño, faise constar que o procedemento negociado supón unhas grandes limitacións aos principios de publicidade e concorrência, de tal modo que segundo a Xunta Consultiva de contratación, este procedemento só está xustificado en supostos en que a licitación resulta inconveniente ou infactible. Engádesse ademais “a reiterada xurisprudencia do Tribunal Supremo ten sinalado o carácter excepcional do procedemento negociado e a necesidade da cumprida xustificación desa excepcionalidade, neste sentido insistiu igualmente o Tribunal Superior de Xustiza das Comunidades Europeas”, sigo lendo textualmente o citado informe: “A elección deste procedemento excepcional debe estar motivada, artigo 109.4 do Texto refundido da lei de contratos do sector público, e como sinalou o Tribunal de Contas debe acreditarse que ese procedemento é máis vantaxoso para os intereses públicos que o procedemento aberto”. Noutro informe, que figura no expediente, do 4 de xullo di: “En primeiro lugar, antes de calquera outra consideración no ámbito da función fiscalizadora ou control de legalidade do presente expediente, é preciso manifestar a total adhesión desta Intervención ao amplo e documentado informe emitido polo xefe do Servizo de Patrimonio e Contratación, coa conformidade do secretario xeral”, despois de amplas consideracións, finaliza o informe dicindo, “...por todo o devandito, considérase que se omitiron no expediente trámites ou requisitos esenciais, ao non constar nel os seguintes documentos: acreditación das razóns de interese público, que xustifiquen a elección do procedemento negociado sen publicidade, tal como di o artigo 109.4 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e o artigo 54 da Lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; criterios que se seguirán para facer as consultas, quen as realizará, a que empresas se consultará, que criterios se seguirán para posibles exclusións, que cautelas se tomarán para garantir a confidencialidade, etc., e en calquera caso, que medidas se adoptarán para cumprir o artigo 178 do Texto refundido da lei de contratos”. Finaliza advertindo que “..Se non se emendan estas cuestións, daráselle ao informe o contido e alcance previsto nos artigos 216 e 215 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais”.

Sr. presidente, podería ser máis exhaustivo, pero non paga a pena, creo que os argumentos son xa suficientes.

Ante iso, pregúntolle, que valoración fai do cambio de procedemento da contratación da licitación do Plan de conservación das vías provinciais? e está disposto a corrixilo ou a mantelo nos próximos anos do seu mandato?

Sr. presidente

O que si rogaría é que nesta Deputación no que levamos de mandato sempre primou a cordialidade, claro, cando nunha pregunta facemos unha exposición de dez minutos, entón igual, de dez ou quince minutos, rogaría maior brevidade, fágolla

despois de que a exprese para que non vaian pensar que se quere conculcar a capacidade de poder dicir o que estime oportuno.

Sr. Ruiz Rivas

Sr. presidente, Sres.. deputados, quixese que as miñas primeiras palabras fosen para pórme ao dispor de todos os grupos nesta nova tarefa de portavoz, e saudar, como non podía ser doutra forma, e desexarlle o maior dos éxitos aos dous novos deputados provinciais.

O que nós pensamos é que vostede está a facer unha interpretación do que está a ocorrer por acordo plenario de 25 de maio, apresurada e nesgada, porque facelo simplemente nun dos primeiros dos trámites como é a adxudicación, parécenos que queda moito por ver do que realmente vai acontecer co procedemento. Pero está claro que este procedemento, que está recollido no Real decreto 3/2011, é un procedemento que todas, absolutamente todas as administracións, utilizan, e utilízano non só porque sexa legal, o cal evidentemente estamos todos obrigados, senón sobre todo porque ten unha serie de vantaxes que deben de ser aplicadas segundo as características da Corporación que teña que aplicarlas. Pois ben, vostede igual que é deputado provincial, estivo noutras Corporacións nas que evidentemente en multitude de ocasións utilizaron procedemento negociado como outros procedementos que aplica a lei. Por tanto, por que o fixeron?, entendo que non o farían por todas as críticas que vostede acaba de botar encima dun procedemento absolutamente legal, senón que o fixeron porque as características da Corporación na que vostede estaba e era membro, o esixían.

Eu creo que todos os que aquí estamos cando chegan á Deputación o primeiro que observan é a lentitude do procedemento de contratación da Administración, aquí é moi típico ver obras que están sen adxudicar e que comezaron todos os seus trámites un ou dous anos antes de que se poida proceder á súa adxudicación. Por tanto, creo que é algo obxectivo o feito de dicir que na Deputación se podía axilizar ou darlle unha maior aceleración a todo o que significa o procedemento de contratación sen as garantías legais que se teñen que levar a cabo. E esas garantías están a levarse porque o que está a facer o equipo de goberno é, nin máis nin menos, aplicar o que aquí se acordou no Pleno do 25 de maio, e non só se está aplicando, senón que tamén se pode ver, cuestión que vostede non dicía, que procedementos empezados, que non son negociados, nas mesmas datas, están aínda sen adxudicar.

Por tanto, eu creo que a institución, neste caso o equipo de goberno, está a facer o que ten que facer para solucionar un problema grave que ten esta Administración, que é que se poida adxudicar en tempo, e sobre todo o que iso significa en épocas de crise, para empresas que ven como estando consignadas determinadas cantidades nos orzamentos, teñen que demorarse por non ser capaces de sacalas adiante.

Dito isto, vólvolle a repetir que teremos que facer unha análise máis sosegada, máis tranquila, e sobre todo, máis obxectiva, cando o procedemento teña xa un percorrido, pero que lle teño que dicir ben claro que eu creo que está suficientemente demostrado que este equipo de goberno o que quere é seguir, non só coa boa saúde

financeira que tivo esta Deputación na súa historia, senón melloralo, e antes, un dato que aquí pasou e que se deu conta neste mesmo Pleno, así o referenda. As contas que vemos aquí dos ingresos, séguese vendo como a Deputación provincial segue tendo unha xestión exemplar no que é a súa recadación, no que son os seus ingresos, e nestes momentos podemos dicir que a carga financeira da Deputación dos últimos 25 anos, e que está nun 37% dos seus ingresos correntes, cando todo o mundo sabe o que baixaron os ingresos correntes debido á crise económica que estamos a vivir, creo que son boas probas de que nin este equipo de goberno, nin o conxunto da Corporación, imaxino, o que vai pór é en perigo as contas, e menos en procedementos no que se podía alcanzar algún tipo de beneficio, pero volvo repetir, ata agora cremos que os beneficios ven na axilidade, ven na transparencia á contratación, onde foron convidadas 36 empresas ao procedemento de contratación de conservación de estradas, e que, por tanto, no ánimo desta Corporación está axilizar e aforrar, e creo que os dous requisitos cúmprense coa aprobación e o cumprimento do que este Pleno dixo o 25 de maio.

Sr. presidente

Algunha outra pregunta?

Sr. Fernández Moreda

Non hai réplica?

Sr. presidente

Non, vostede pregunta e nós contestamos, outra cousa é que lle guste a resposta, iso xa como vostede sabe que estivo aquí oito anos, sabe que iso ás veces non se produce, desgraciadamente para os que preguntan. Ten algunha outra pregunta?

Sr. Fernández Moreda

Antes de nada, agradecerlle a súa benevolencia, eu acóllome sempre á súa xenerosidade para que me deixe expresarme co tempo que considere que sexa preciso. A resposta, foi unha longa cambiada, indubidablemente, pero como ten que ser outra pregunta, pregúntolle, vostede considera que está a axilizar e aforrando diñeiro co proceso que puxo en marcha de adxudicación polo procedemento negociado sen publicidade, cando palmariamente queda demostrado que nunca se adxudicou tan tarde como este ano por utilizar ese proceso, e estase perdendo de percibir ingresos ocasionados polas baixas de contratación?

Sr. presidente

Era outra pregunta, Sr. Moreda, eu ben sei que vostede ten moito interese, pero... Moitas grazas.

Sr. Ruiz Rivas

Está claro que este procedemento ten ventaxas segundo a Administración que o aplique. En canto ao pocedemento de contratación nesta casa, creo que non viña axilizando como merecen os cidadáns da provincia, e dito doutra forma, vólvolle repetir que, tanto no proceso no que estamos, ata o certificado final de obra, ata a última peseta que pase pola Intervención desta casa, creo que é apresurarse moito no que é a súa análise. Vostede sabe no tempo no que corremos a cantidade de dificultades que teñen moitos concellos ou moitas administracións públicas, dificultades derivadas das ofertas que, en moitos casos, fan determinados grupos empresariais e que, ao final, o que engaden é un problema á institución que busca fórmulas non acordes coa realidade.

A Deputación, repito, e o seu equipo de goberno o que está é aplicando a lei de maneira estrita, e o tempo dará ou quitará razóns, e por tanto eu creo que a súa análise é totalmente apresurada e tamén lle digo, nesgada.

Sr. Leira Piñeiro

Moitas grazas, en primeiro lugar dar a benvida aos novos compañeiros a esta Corporación, e a pregunta é moi clara, nos concellos da provincia empeza a haber certa inquietude, posto que estamos a 28 de setembro, e aínda non sabemos nada sobre a resolución das subvencións de persoal, podería vostede anticiparnos para cando vai ser esta resolución?

Sr. presidente

Refírese á convocatoria de cultura, supoño que durante esta semana recibirán nos concellos a notificación correspondente, entre esta semana e a seguinte, en todos os concellos da provincia.

Sen máis asuntos que tratar remata a sesión, sendo as doce horas e corenta minutos, redáctase a acta e autorízase a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, secretario, dou fe.